



# Ilmo. Concello de Verín

Praza do Concello. 32600 Verín (Ourense)  
Tlfnos: 988 410 000 / 988 410 001 / 988 410 334. FAX: 988 411 900.  
[www.verin.net](http://www.verin.net), e-mail: [nataliaglez@verin.net](mailto:nataliaglez@verin.net)

## GABINETE DE COMUNICACIÓN

### **.- Nota de Prensa**

#### **A Biblioteca de Verín, premiada como Mellor iniciativa ao fomento da Lectura para Bibliotecas Públicas 2011**

**Verín, 09 de setembro de 2011.** A Federación de Gremios de Editores de España concedeu á Biblioteca Pública Municipal de Verín o premio á Mellor Iniciativa ao Fomento da Lectura para Bibliotecas Públicas 2011, polo seu traballo no ámbito do fomento á lectura e o conxunto de actividades realizadas pola mesma, entre as que se inclúen voluntariado cultural, aprendizaxe en idades temperás ou alfabetización dixital.

A Federación de Gremios de Editores de España constitúe un promotor e participante activo no Plan de Fomento da Lectura e, de forma singular, tamén reconece a labor en prol da lectura realizada polas bibliotecas. Por este motivo, convocou o VIII Premio á Mellor Iniciativa ao Fomento da Lectura para Bibliotecas Públicas 2011, no que por unanimidade o xurado concedeu este galardón á Biblioteca Pública Municipal de Verín, que será entregado no marco da Feira Internacional del Libro de Madrid (do 5 ao 7 de outubro).

O xurado estivo formado por: Pedro de Andrés, presidente do Centro Español de Dereitos Reprográficos (CEDRO), Luís Mateo Díez, escritor e académico da R.A.E., Luís González, director da Fundación Germán Sánchez Ruipérez (FGSR) e Margarita Taladriz Mas, presidenta da Federación Española de Sociedades de Arquivística, Biblioteconomía, Documentación e Museística (FESABID).

O xurado manifestou a súa satisfacción polo amplo número de solicitudes recibidas e iniciou unha ronda na que cada un dos membros do mesmo foron propoñendo tres candidatos ao premio. Nas sucesivas rondas foron eliminándose unhas e outras candidaturas e decidiron, segundo consta na acta da reunión realizada por Antonio M<sup>a</sup> Ávila, director executivo da Federación de Gremios de Editores de España, entregar este premio á Biblioteca Pública Municipal do Concello de Verín, argumentando as seguintes razóns:

- Por atopar tanto nos seus obxectivos e como na relación de actividades levadas a cabo, unha adecuada plasmación da vocación da biblioteca como ferramenta de fomento do lector en pequenos municipios.

- Pola oferta de actividades que ten a biblioteca municipal de Verín. que contempla iniciativas dunha natureza tan ampla que permite a súa consideración como verdadeiro centro de irradiación cultural no territorio próximo e demostra o valor da lectura como canal privilexiado para o acceso á cultura e o coñecemento.

-O xurado entendeu que a proposta da biblioteca de Verín encarna un modelo de servizo bibliotecario que amplía e enriquece a visión clásica do servizo público de lectura o medio rural.

O premio consistirá nunha escultura orixinal expresamente deseñada para este acto, valorada en 6.000 euros e que será entregada por D. Antonio María Ávilas, presidente da Federación de Gremios de Editores de España no marco da Feira Internacional del Libro de Madrid, unha visita á Biblioteca Nacional e un lote de libros..